



Concello de Xermade

Decreto

Asunto: Declarando deserta a licitación de “Substitución de equipos de alumado no Concello de Xermade (Plan Único 2018)”. Expediente 110/2019.

D. ROBERTO GARCÍA, PERNAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XERMADEE (LUGO).-

Vista a memoria valorada denominada “Substitución de equipos de alumado no Concello de Xermade”, que redatou o enxeñeiro técnico industrial D. Fernando Pereira García, con número de colexiado 298, finaciado con cargo ao Plan Único 2018, que funcionará como prescricións técnicas, de marzo do 2018.

Tendo en conta a natureza das actuacións ás que fai referencia o obxecto da memoria, estamos ante un contrato administrativo mixto de subministración e obras regulado nos art. 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP), cuxa necesidade, de acordo co art. 28 do LCSP ven xustificada pola obrigatoriedade que se establece na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local aos municipios de prestar servizos de alumado público.

O expediente de contratación e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, por procedementos aberto simplificado, tramitación ordinaria, da subministración/obra “Substitución de equipos de alumado no Concello de Xermade”, por importe de 49.842,32 euros (base: 41.192,00€; IVE 21%: 8.650,32€), por procedemento aberto simplificado, foi aprobado por Decreto da Alcaldía núm. 81/2019.

A apertura de ofertas tivo lugar o 06/03/2019 e na reunión celebrada o 26/03/2019 douse conta do informe técnico de valoración da documentación esixida no sobre A, referida aos criterios avaliáveis subxectivamente. Segundo consta na acta:

“(…)Aberto o acto pola presidencia, dase conta do informe técnico emitido polo enxeñeiro industrial superior D. Antonio Álvarez Cabanas, designado pola área de cooperación e asistencia a concellos da Deputación de Lugo, a solicitude do Concello de Xermade, para valorar a documentación avaliável con criterios subxectivos.

O informe foi presentado o 26/03/2019, con rexistro nº 2019-E-RC-518 e conclúe:

1º. Respecto das ofertas presentadas polos seguintes licitadores:

Nome da Empresa	Documentación sobre A
Vertia Ingeniería S.L.	A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica
Hallmann Energie S.L.	A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica
Codigalco S.L.	A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica
Consecyr S.L.	A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica
Elecnor S.A	A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica
Global PCH Lugo	A luminaria ofertada ten características técnicas

Concello de Xermade



Concello de Xermade

	<i>inferiores á prevista na memoria técnica</i>
<i>Electricidad Moncho y Santomé S.L.</i>	<i>A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica</i>
<i>Grupo Mariño Obras y Servicios S.L.</i>	<i>A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica</i>
<i>Instalaciones Eléctricas Coruñesas S.L.</i>	<i>A luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica</i>

2º. A oferta de Amys Ingeniería S.L. non contén tódolos documentos esixidos na cláusula 9.4.b) do PCAP, e ademais contén a oferta económica.

Tendo en conta o contido do informe técnico, a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Excluir as ofertas presentadas por Vertiia Ingeniería S.L., Hallmann Energie S.L., Codigalco S.L., Consecyr S.L., Elecnor S.A, Global PCH Lugo, Electricidad Moncho y Santomé S.L. e Instalaciones Eléctricas Coruñesas S.L., dado que a luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica.

Segundo.- Excluir a oferta presentada por Amys Ingeniería S.L., dado que no sobre A contén a oferta económica, e a doutrina tanto da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa como do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais ven considerando que esta é unha causa de exclusión automática.”

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), RESOLVO:

Primeiro.- Excluir as ofertas presentadas por Vertiia Ingeniería S.L., Hallmann Energie S.L., Codigalco S.L., Consecyr S.L., Elecnor S.A, Global PCH Lugo, Electricidad Moncho y Santomé S.L. e Instalaciones Eléctricas Coruñesas S.L., dado que a luminaria ofertada ten características técnicas inferiores á prevista na memoria técnica.

Segundo.- Excluir a oferta presentada por Amys Ingeniería S.L., dado que no sobre A contén a oferta económica, e a doutrina tanto da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa como do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais ven considerando que esta é unha causa de exclusión automática.

Terceiro.- Declarar deserta a licitación da subministración/obra “*Substitución de equipos de alumado no Concello de Xermade*”, por importe de 49.842,32 euros (base: 41.192,00€; IVE 21%: 8.650,32€)

Cuarta.- Notificar a presente resolución aos interesados, con indicación dos recursos que procedan.

Quinto.- Publicar a presente resolución no Perfil do contratante e na plataforma de contratación do estado.

Dado en Xermade, na data indicada á marxe, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Roberto García Pernas

María Cristina Varela García

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027